



Pontevedra garda nas súas rúas, prazas e edificios un legado histórico e artístico como poucas cidades no mundo poden presumir. Porén, non toda esta herdanza monumental de séculos pode ser visitada durante o ano.

A Semana do Patrimonio Invisible é un **ciclo programado polo Servizo de Urbanismo e Patrimonio do Concello de Pontevedra** que abre as portas de tesouros, habitualmente fechados, e diseña unhas visitas guiadas de pequenos grupos para que os seus usuarios garden na memoria unha experiencia cultural única.

As visitas guiadas que realizamos na **Semana do Patrimonio Invisible** baséanse en dúas premisas: a calidade do discurso narrativo e a protección dos bens culturais que visitamos. Por este motivo as prazas para cada quenda de visitas son limitadas, e o proceso de reserva **precisa da confirmación mediante correo electrónico** por parte da organización a cada visitante.



Queremos garantir o acceso á actividade ao maior número de persoas, polo que **cada solicitante poderá reservar un máximo de tres visitas para dúas persoas.**

Para facer as reservas é preciso entrar na páxina web oficial **www.patrimonioinvisible.gal** e completar o formulario de reservas.

Reserva a túa praza!


Máis información:
reservas@patrimonioinvisible.gal



SEMANA DO PATRIMONIO INVISIBLE

15-16-17 / xullo / 2021





15 xoves

11 h Colexio Sagrado Corazón de Placeres

12 h Arquivo Histórico Provincial

...

18 h Depósito e cemiterio de Santo Amaro

19 h Xardíns de Lourizán

20 h Villa Pilar

16 venres

11 h Depósito e cemiterio de Santo Amaro

12 h Colexio Sagrado Corazón de Placeres

...

18 h Arquivo Histórico Provincial

19 h Xardíns de Lourizán

20 h Villa Pilar

17 sábado

11 h Arquivo Histórico Provincial

12 h Villa Pilar

...

18 h Xardíns de Lourizán

19 h Depósito e cemiterio de Santo Amaro

20 h Colexio Sagrado Corazón de Placeres

Colexio Sagrado Corazón de Placeres

Edificio de historia apaixonante ligado a Montero Ríos. Construído polo político como pavillón de convidados, converteuse despois no Gran Hotel de Baños de mar dos Placeres e finalmente pasou a ser un centro educativo. A súa imponente arquitectura é unha lembranza de cando Lourizán era un dos centros políticos e turísticos de Galicia.

Arquivo Histórico Provincial

O edificio, de características eclécticas, que hoxe alberga o Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra construíuse no ano 1910 polos Fonseca, familia que parece vinculada aos grupos teosóficos e masónicos que existían na cidade da época. En 1955 a casa foi adquirida polo Ministerio de Educación Nacional e adaptada para funcionar como arquivo e biblioteca, formando parte desde 1989 do Sistema de Arquivos Galego, cuns fondos históricos que abarcan desde o século XV ata a actualidade.

Depósito e cemiterio de Santo Amaro

No último cuarto do século XIX, Pontevedra consolidábase como capital comarcal e moderniza o seu urbanismo. Alejandro Rodríguez Sestero proxectou as obras arquitectónicas máis importantes nesta renovación, na que sobresaen as actuacións no barrio de Santo Amaro: o gran depósito de auga construído en 1886 e o cemiterio municipal, inaugurado en 1882, que alberga as sepulturas e simboloxía funeraria desde a época burguesa ata hoxe en día.

Xardíns de Lourizán

Os xardíns de Lourizán, que ocupan unha superficie de cincuenta e dúas hectáreas, conteñen especies dos cinco continentes e foron plantadas ao longo de máis de cento trinta anos. De entre todas elas destacan o cedro do Líbano, os castiñeiros xaponeses e o olmo holandés, así como un gran conxunto de magnolias e camelias. A área está salpicada de pequenas edificacións como un pombal, un hórreo, un lagar, estanques, fontes e escaleiras. De entre todos estes elementos destaca o monumental invernadoiro de ferro e cristal.

Villa Pilar

Extraordinario exemplo de arquitectura ecléctica construída polo indiano Manuel Martínez Bautista a comezos do século XX. Unha reixa de forxa, un recollido xardín con palmeiras, uns dos primeiros balcóns realizados en formigón, balastrada de estilo inglés e unha escalinata única en mármore de Carrara son algunhas das sorpresas deste palacete.